

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 14 de decembro de 2023, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU (Nº expte 2023072624),*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2024001949 de data 08/03/2024, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto do servizo de creación e posta en marcha dun club de produto da lamprea do destino Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos” no ámbito do Plan de sostenibilidade turística en destino do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generation EU. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.





O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ao devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- Hidria ciencia, ambiente y desarrollo SL (CIF B-36.974.988)
- Estrategia y organización SA (CIF A-36.196.418)
- Deloitte Consulting SLU (CIF B-81.690.471)
- Open Minds -Open ideas SL (CIF B-57.614.141)
- Sherpa Project SL (CIF B- 70.159.660)
- Auren Consultores SLP (CIF B-87.352.340)

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

